



**Resolución do 15 de xaneiro 2018, pola que se modifica a Resolución do 15 de decembro de 2017 da Universidade da Coruña, pola que se fixou o procedemento e o prazo de presentación de solicitudes para a avaliación da actividade investigadora do profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física e o profesorado con contrato laboral por tempo indefinido, correspondente ao ano 2017.**

En relación co punto Primeiro da Resolución Reitoral do 15 de decembro de 2017 pola que se fixa o procedemento e o prazo de presentación de solicitudes de avaliación da actividade investigadora do profesorado da UDC con contrato por tempo indefinido e o profesorado funcionario da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física desta Universidade que posúa o título de doutor.

Esta Reitoría resolve o seguinte:

**Primeiro.** Modificar o dito punto Primeiro da convocatoria e establecer que poderán solicitar a avaliación da actividade investigadora (sexenios) o profesorado da UDC con contrato por tempo indefinido e o profesorado funcionario da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física desta Universidade que posúa o título de doutor, así como os/as Profesores/as Contratados/as Doutores/as Interinos/as e o profesorado funcionario interino da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, que se atoparan con ese contrato en vigor ou en servizo activo o 31/12/2017.

**Segundo.** O prazo de finalización de presentación de solicitudes non se modifica, finalizando o día 31 de xaneiro de 2018.

**Terceiro.** A presente Resolución entrará en vigor o día da súa publicación no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica desta Universidade.

A Coruña, 15 de xaneiro de 2018

O reitor

PD O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente  
(RR 12/01/2016, Sede Electrónica UDC del 13/01/2016)

Alberto Valderruten Vidal



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente